

Galegando

Nº 4 - ANO 2014

REVISTA DO
CEIP FELICIANO BARRERA







EDITORIAL

*"Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.*

Xa está aquí de novo “Galegando”, a revista que con tanta ilusión, e non pouco esforzo, redactamos os/as alumnos/as e mestres/as do CEIP Feliciano Barrera.

Este ano queremos comezar homenaxeando, con estes versos do seu poema máis famoso (Penélope), a Xosé María Díaz Castro, o autor ao que se lle adicou o Día das Letras Galegas; uns versos que nos levan a unha Galiza que quere mirar con esperanza ao futuro, coa mesma esperanza que temos os que facemos esta revista de que cada día o noso fermoso idioma sexa máis utilizado.

Dentro destas páxinas atoparedes unha mostra das moitas actividades que durante o curso levamos a cabo no colexio, coa novidade de que este ano realizamos o proxecto “8 meses, 8 países”, un proxecto no que mes a mes fomos coñecendo a cultura e as costumes de distintos países europeos (Portugal, Irlanda, Finlandia, Francia, Italia, Holanda, Reino Unido e Galiza), relacionando cada un deles coa celebración máis importante do mes (Entroido, Samaín, Nadal...); un proxecto que intentou ser unha ventá aberta á tolerancia e á convivencia hacia e con outras personas que, vivindo en lugares moi distintos, teñen moitas cousas en común connosco.

Desde esta editorial queremos agradecer a toda a comunidade educativa a súa colaboración nos distintos eventos levados a cabo, especialmente á ANPA, así como á Asociación de Montes e á Asociación Cultural de Guláns e, como non, un agradecemento especial a Terio Carrera, presentador de deportes da TVG, que se prestou a contestar as preguntas da entrevista que lle fixeron algúns alumnos de 6º coa máxima profesionalidade e sinceridade, demostrando o seu bo facer e un respecto absoluto hacia os nenos.

Adicamos a contraportada aos alumnos e alumnas de Infantil e de 6º de primaria que cambian de etapa, desellándolles a estes últimos, que as novas experiencias que están a piques de vivir os axuden a elixir o camiño máis axeitado, pero, sobre todo, o camiño que eles desexen.

Agora so queda que vos sumerxades, páxina a páxina, en todos os contidos, que disfrutedes deles e que gardedes esta revista coma un tesouro cheo de recordos que cada ano que pase adquirirá máis valor.

Animámosvos a vivir e falar en galego. Sempre en galego, o noso idioma, a nosa identidade.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



SUMARIO

- ✓ Editorial
- ✓ Historia do galego
- ✓ Portugal e o magosto
- ✓ A aula de 1º de primaria: Irlanda e o Samaín
- ✓ As tres bruxas malvadas (conto gañador do Concurso de contos do Samaín)
- ✓ Finlandia e o Nadal
- ✓ Gañadores do concurso de Nadal
- ✓ Unidos pola Paz
- ✓ Día do libro
- ✓ Romeo e Xulieta. Viaxe ao país de Shakeaspere
- ✓ Saída aos muíños de Couso
- ✓ Día das Letras Galegas
- ✓ Unha viaxe inesquecible
- ✓ Entrevistamos a...Terio Carrera
- ✓ Os signos do zodíaco dos/as nenos/as de 3 anos
- ✓ Educación Física
- ✓ Deporte escolar
- ✓ Música
- ✓ Fomento da lectura nas vacacións de verán
- ✓ Os mellores amigos de Leo León
- ✓ Actividades na biblioteca 2013/14
- ✓ English Theatre
- ✓ Sopa de letras

Coordinación

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Deseño portada e contraportada e maquetación

Jorge Agustín Vázquez Blanco

Redacción, fotografía e debuxos

Alumn@s e mestres/as do CEIP Feliciano Barrera

Curso 2013/14



HISTORIA DA LINGUA GALEGA

Donas e cabaleiros
neste día de festa
imos relatarlles logo
a historia do Galego:
¡A lingua do noso pobo!

Ata os árabes do sur
que nestas terras din que andaron
deixaron moitas palabras
que hoxe en día conservamos.

Seiscentos anos antes de Cristo
chegan os Celtas á Terra
deixáronnos moitas palabras
como Galicia ou Sarela.

Entre os séculos oito e doce
xa se falaba galego
aínda que non o facía
o notario e o crego.

Conquistan Galicia os romanos
no século I da nosa Era
non foi fácil, é certo
mortos houbo por ela.

Dos séculos doce ó quince
o galego foi lingua de moda
non só de notarios e xuíces
senón tamén poética e relixiosa.

Con algunhas palabras celtas
e o latín dos romanos
formouse o primeiro galego
para poder comunicarnos.

Pero por razóns políticas
os nobres de esta terra
foron substituídos por outros
que veñen dende Castela.

Non remata ahí o conto!
pois vándalos, suevos e visigodos
xa no século quinto
chegaron con malos modos.

Nin os cregos nin a Igrexa
botaron tampouco unha man
e fixeron misas e rezos
todos eles en castelán.



A tristura foi moita.
A situación era moi mala.
A nosa lingua: o galego
só se falaba na casa.

Foron case tres séculos
que algún chamou "escuros"
onde a lingua estivo presa
encerrada en catro muros.

Vive o Padre Sarmiento
no século dezaioito
que traballa duro e forte
e o problema mellora moito.

En mil oitocentos oito
para avisar ós labregos
da "Invasión Francesa"
poñen bandos en galego.

Un científico tras outro
no século dezanove
preocúpanse por Galicia
polo moito que lles doe.

Un 17 de maio
unha muller de Padrón
publica "Cantares Gallegos"
¡O "Rexurdimento" comezou!

Cen anos despois
decidiron elixi-lo día
para festexa-la lingua
e sobre todo a Rosalía.

E xa neste ano que estamos
ventureiro e mollado
disfrutemos das Nosas Letras
con Xosé María Díaz Castro





Os nenos e nenas de 2º de primaria tocounos traballar *PORTUGAL* dentro do proxecto 8 meses - 8 países. Buscamos moita información, descubrimos as súas costumes, o seu idioma, as súas comidas e ata as súas cancións!
E todo isto contámolo na biblioteca!




O que máis nos gustou foi a historia do **Galo de Barcelos**, unha figuriña moi representativa de Portugal que seguro que todos coñecedes. Esta historia fala dun peregrino que ía cara Santiago de Compostela pero foi acusado de robar e foi condenado á forza. Todos dicían que era culpable pero o peregrino dixo que como proba da súa inocencia, o galo que o xuíz ía comer, levantaríase e cantaríase... e asombrosamente así ocorreu!!!



Anos despois, o peregrino volveu a Barcelos para facerlle unha escultura ao galo que lle salvara a vida.










En Portugal tamén celebran o **magosto** da mesma maneira e coas mesmas costumes que nós, por iso aproveitamos para facer a nosa exposición e a festa do magosto nas mesmas fechas. Mirade o ben que o pasamos!!!





A aula de 1.º de Primaria

Os protagonistas son ...







IRLANDA



Como xa sabedes este ano fixemos un proxecto entre todos que se titula "8 meses, 8 países". A nos tocounos expoñer Irlanda. Aprendemos moito sobre este país e pareceunos moi interesante. En Irlanda festexan o Samain parecido a como o facemos aquí.






SAMAÍN

No curso 2013-14 os nenos e nenas que estamos en 1º de E. Primaria somos: Rocío, Bera, Alba, Carmen, Blanca, Uxía, Laura, David, Pablo, Miguel, Ainhoa, Paula e Violeta.


Ímosvos contar como festexamos este ano o Samaín.

Fixemos un concurso de máscaras, debuxos e contos terroríficos. Con todo o material elaborado polos alumnos fixemos unha exposición na biblioteca. A verdade é que daba un pouquiño de medo.





Despois cantamos todos xuntos unha canción que nos ensinou a profe Alba. Lembrades como era?



Samain...

o misterio chega co Samain



as cabazas e os morcegos
bruxas polo ceo

o misterio chega co Samain.





Contos do Samaín...

As tres bruxas malvadas

*Por Bibiana Vázquez Castro (6º E.P.)
Gañadora do concurso "Contos do Samaín"*

Hai xa bastante tempo, no ano 1963, vivían tres bruxas moi malas. Chinha era unha bruxa gorda e graciosa que sempre vestía traxes longos, violetas e antigos, tiña o pelo longo e moi mal coidado, nariz enorme e ollos pequenos. Logo tamén estaba Choupi, esta era moi presumida e egoísta, tiña o pelo loiro, ondulado moi brillante; como xa se pode supoñer, sempre vestía bonitos vestidos de seda fina e case sempre poñía moitos complementos. E por último estaba Chelo, unha bruxa moi alta, fraca e rubia, con ollos grandes e nariz pequena na que estaba unha verruga grande e fea. Tiña moito xenio e por ese motivo era a xefa do grupo. As tres vivían nun pobo no sur de Galicia chamado Trebuxida, que tiña moita vexetación e pouca fauna. Sempre andaban a facer meigallos e feitizos para facer cousas malas a toda a xente de Trebuxida.

Chegara o día 31 de Outubro, o día do Samaín, polo que decidiron argallar o meigallo perfecto para conseguir que todos os habitantes de Trebuxida fosen os seus escravos.

Entón os días 28 e 29 de Outubro ocupáronos en planear o meigallo infalible, por iso aos habitantes de Trebuxida lles pareceu raro que neses dous días non lles fixeran ningunha cousa mala, porque elas sempre estaban facendo esas cousas malvadas aos trebuxidenses.

Como sabían que algo estaban argallando, a pandilla de rapaces de Trebuxida decidiu buscar o sitio onde realizaban os meigallos Chinha, Choupi e Chelo, para así poder espialas. Andiveron buscando seis horas seguidas por todo Trebuxida, ata que ao final deron cun barranco que conducía a unha cova e decidiron seguir todo o camiño cheo de herbas e silvas para ver se conseguían atopar algo. Cando chegaron á entrada da cova escoitaron as voces das bruxas, deron catro pasos máis e xa conseguiron velas sen que estas poideran velos a eles. Os nenos quedaron pampos cando viron o lugar: era escuro e sinistro, á esquerda había un montón de caveiras, esqueletos, cabazas, sapos e líquidos raros; á dereita estaban as tres bruxas dialogando sobre o que ían facer para conseguir que os trebuxidenses fosen os seus escravos. Aínda que máis que dialogando parecía que estaban discutindo polos berros que daban:



- Non! É mellor adormecelos para así, cando esperten, terémolos secuestrados e obrigáremolos – dicía Chinha.
- Bo! Que parvada é esa, Chinha! Eu dígoche que é moitísimo mellor enganalos!! - reprocháballes Choupi.
- Calade dunha vez todas!! Faremos o seguinte: temos que fabricar un gas que os faga a todos entrar en razón e así conseguir que fagan o que queiramos – dixo Chelo, a xefa.
- Que boa idea Chelo! - dixeron á vez as outras dúas.

Os nenos, que as estaban espiando, xa sabían o plan, polo tanto decidiron escapar antes de que os poidesen ver. Ao chegar ao pobo, os nenos contaron o plan casa por casa, de modo que así todos os trebuxidenses soubesen o plan de Chelo e compañía.

Os trebuxidenses sabían perfectamente que ían botar o gas o Domingo ás 11,00hrs porque era a feira tradicional e ían todos os habitantes de Trebuxida, e ese mesmo día era o 31 de Outubro, o día do Samaín.

Por ese motivo decidiron que ningunha persoa de Trebuxida iría á feira e todos quedarían nas súas respectivas casas, ben pechadas as portas e ventás.

Cando chegou a hora na que as bruxas ían botar o gas para facer o seu plan, quedaron asombradas porque ninguén saía á feira.

Entón un trebuxidense chamado Alberte saíu da súa casa e foi por detrás delas silenciosamente conseguindo quitarlles os tubos de gas e botalo todo por enriba delas dicindo:

- Quixestes facer unha cousa moi mala polo tanto ides pagar por iso!

Nun abrir e cerrar de ollos xa estaban as bruxas enfeitizadas, co que non ían volver facer ningunha cousa mala aos habitantes do pobo.

E así foi. Aínda que ninguén sabe o que pasou cando o feitizo rematou e as bruxas volveron ser como eran sempre.



Os nenos de 4 anos
tocounos expor un país
moooooi frío:
FINLANDIA

En Finlandia vive Papá
Noel, por iso iamos
disfrazados con estes
traxes vermellos.



A exposición saíu perfecta.
Mirade o atento que
estaba o noso público!

Nós disfrutamos
como ananos, e
esperamos que
aprendéades
moitas cousas
connosco.





FINLANDIA

Para saber a resposta ordena as letras:

A CAPITAL DE FINLANDIA


É $\frac{S}{4} \frac{I}{5} \frac{N}{6} \frac{K}{7} \frac{I}{8} \frac{H}{1} \frac{E}{2} \frac{L}{3}$

A SÚA BANDEIRA É

BRANCA E $\frac{Z}{2} \frac{L}{4} \frac{A}{1} \frac{U}{3}$

O TRANSPORTE MÁIS

EMPREGADO É O $\frac{O}{4} \frac{A}{1} \frac{N}{5} \frac{I}{3} \frac{V}{2}$





Agora un pouco máis difícil:

• EN FINLANDIA ESTÁ

A CASA DE APPA ELNÖ.
 $\frac{4}{4} \frac{2}{2} \frac{1}{1} \frac{3}{3} \quad \frac{3}{3} \frac{4}{4} \frac{1}{1} \frac{2}{2}$

• OS INVERNOS SON MOI

GSOONL E MOI RISFO.
 $\frac{4}{4} \frac{6}{6} \frac{5}{5} \frac{2}{2} \frac{3}{3} \frac{1}{1} \quad \frac{2}{2} \frac{3}{3} \frac{5}{5} \frac{1}{1} \frac{4}{4}$

• HAI MOITOS QEBUSOS,

LAGOS E LIASL.
 $\frac{4}{4} \frac{6}{6} \frac{1}{1} \frac{5}{5} \frac{7}{7} \frac{2}{2} \frac{3}{3} \quad \frac{2}{2} \frac{1}{1} \frac{4}{4} \frac{5}{5} \frac{3}{3}$





O Nadal

E os gañadores do CONCURSO DE ADORNOS son:



Lucía Iglesias Alonso
de 5º E.P.



Noelía Otero Giraldez
de 2º E.P.



Noraboa!!!



Zaira Fernández Casto
de 6º E.I.




Lucía Soto Groba
de 4º E.P.





Tamén lle escribimos as nosas cartas aos Reis Magos, e un dos seus paxes veu recollelas!
Como agradecemento polos nosos debuxos e agarimosas cartas, regalaunos unhas fermosísimas tazas co nome do noso colexio.
Ah, e para os profes tamén houbo agasallo!

Moitísimas grazas a Melchor, Gaspar e Baltasar!!





Unidos pola paz

Os alumnos e as alumnas do CEIP Feliciano Barrera festexaron un fantástico Día da Paz

B. Vázquez e L. Bonmatí
Guláns / Galegando

O Venres, 31 de xaneiro de 2014, no CEIP Feliciano Barrera festexouse o Día da Paz. Primeiro, na hora de lectura, os/as nenos/as de 5º e 6º de Primaria, dentro do proxecto “ 8 meses, 8 países “, faláronlles ao resto do alumnado do colexio sobre Francia cunhas fantásticas imaxes e música, coa que todos se animaron. Incluso aprenderon algunhas palabras en francés.

A elección de Francia para falar sobre a paz debeuse a que neste país foi onde se firmou a primeira Declaración dos Dereitos Humanos.

Todos/as aprenderon moitas cousas sobre a cultura francesa: as súas comidas típicas (foie- gras, tarta Tatin, os queixos...), os seus pintores máis famosos (Monet, Manet, Cezzane...), os escritores máis importantes, os cantantes máis representativos, a súa música tradicional...

Na charla sobre este país tamén se representaron deportes que se practican no mesmo para o que os/as nenos/as de 6º utilizaron o material de Educación Física do colexio.

Ao rematar a resenación na biblioteca, todo o alumnado saíu ao patio e, a pesares da choiva, lanzáronse varios globos de vistosas cores con mensaxes de paz de todos os cursos. Quen sabe onde irían parar!



Dous momentos da celebración do Día da Paz



DÍA DO LIBRO 23 de abril.

O 23 de abril, *Día Internacional do Libro*, é unha celebración a nivel mundial que pretende fomentar a lectura, a industria editorial e protexer a propiedade intelectual é dicir, os dereitos dos autores dos libros; escritores e escritoras que cos seus maravillosos relatos nos fan soñar, rir e aprender.

Elexiuse este día porque coincide co pasamento dos escritores Miguel de Cervantes e William Shakespeare.

Dous escritores que entraron no Olímpto dos xenios e coñecidos máis alá das súas fronteiras. Dous clásicos: un español, Cervantes e o seu *Don Quijote de la Mancha* e outro inglés, Shakespeare e a súa obra *Romeo e Xulieta*.

Parece ser que ambos faleceron o día de San Jorge do mesmo ano 1616.

Precisamente, con motivo do día do libro, os alumnos de 3º fixemos unha viaxe ó País de Shakespeare (Reino Unido). Visitamos o seu teatro “ O GLOBE”. Fixemos unha obra de teatro: *Romeo e Xulieta* (Amor en Verona).

No colexio houbo moitas actividades para celebrar este día: “A Árbore Encantada” **E ti para que les?**, contacontos itinerante polas aulas; os alumnos maiores leron contos ós pequechos...

E no mesmo día 23, recibimos á escritora Susana Lamela, veciña e mestra en Pontearreas. Falounos dos seus libros “ **Soños de Andel**” e “**Andeis Baleiros**”. Foi todo un privilexio telos entre nós!





SAÍDA = MUÍÑOS DE COUSO

O venres - 16 - de maio
fomos de visita ós
muíños de couso.






Moemos millo para

facer fariná.

Mesturamos a fariná


con auga e

amarranos todo moi ben





Metemos a masa no
forno e... saíron unhas
ricas bolas de pan que
para a casa.





DENDE OS MUÍÑOS DE COUSO OS NENOS DE 5 ANOS
DESPEDÍMONOS ATA O VINDEIRO CURSO.





DÍA DAS LETRAS GALEGAS


Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1.914-Lugo 1.990). Naceu en Guitiriz, en 1.914. No ano 1.929 foi estudar ao Seminario Santa Catalina de Mordoriedo, aínda que non se ordenou. No ano 1.948 trasladouse a Madrid onde traballou como tradutor no Instituto de Estudios Hispánicos e no Ministerio de Interior, xa que dominaba catorce idiomas. Por este tempo casou e tivo tres fillos. En 1.961 publicou Nimbos. Xubilouse e voltou a Guitiriz, onde viviu ata o fin dos seus días. A morte sorprendeu en Lugo en 1.990

Aine, Luis e Yanira
(4º de primaria)





NIMBOS (1961)



Sabes que significa Nimbos? É a aureola que rodea as cabezas dos santos. Sabes por que o titulou así? O termo Nimbos explica todo. É como unha aureola que lle poñemos ás cousas para facelas resaltar máis...

Trátase dun libro composto por trinta e dous poemas no que os temas principais son: a preocupación por Galicia e os problemas do ser humano: o amor, a vida, a noite e o tempo.

Letras Galegas 2014
Xosé María Díaz Castro
Xosé María Díaz Castro

Leticia, Javier e Aldara
(4º de primaria)



8 MESES-8 PAÍSES

Este ano no colexio C.E.I.P. Feliciano Barrera estamos facendo un proxecto chamado 8 meses 8 países. Cuarto traballamos sobre o día das letras galegas.

Recitamos un poema na biblioteca, para todos os compañeiros do cole sobre a historia do galego.

Despois contámoslle os compañeiros que o autor homenaxeado este ano é Xosé María Díaz Castro.

Por último proxectamos un pequeno power point sobre Galicia, (o seu idioma, as súas costumes, gastronomía...) lugar no que se celebran as letras galegas.


Tamén participamos no Lip Dub que grabamos no colexio co gallo da celebración das letras galegas.

Martín e Alex
(4º primaria)





COMO SE FIXO: ... LÍPDUB: EN GALEGO



Este ano para conmemorar o día das letras Galegas a profe Alba decidiu facer un lipdub con todo o cole.

Primeiro escribiu a canción. Fixo moitas estrofas e grabou unha base musical.

Despois trouxo a canción o cole para ensinala. Aos nenos do cole parecerounos moi chula.

O día que se grabou o son estabamos moi contentos. Fixemos moitas probas.


Cando o fixemos ben a profe Alba felicítounos polo noso traballo.

Unha semana despois grabamos a imaxe. Tiñamos unha coreografía para cada curso: uns con carteis, outros con bandeiras...

Despois coa axuda dun programa informática acoplase o son á imaxe.

¡E así saíu o gran lipdub!

Anton, Prasad e Lucía (4º primaria)





Unha viaxe inesquecible

Mañá do xoves, 15 de maio

O día 15 de maio de 2014 os/as nenos/as de 3º ciclo do CEIP Feliciano Barrera tivemos que madrugar moito porque ás 7.45 h tiñamos prevista a saída para ir de excursión a dúas das cidades máis importantes de Galicia, A Coruña e Santiago de Compostela. Estabamos impacientes por marchar. Tan pronto como subimos ao autobús sabiamos que nos agardaba unha pequena e, á vez, gran aventura.

A aventura comezou visitando a “Casa das Ciencias”, onde contemplamos as estrelas no seu planetario e fixemos experimentos que nos encantaron e cos que aprendemos moito. A continuación fomos ao “Domus”, no que averiguamos un montón de cousas sobre o ser humano e sobre o noso corpo en concreto.

A mañá rematou cunha comida nunha pizzería da cidade. As pizzas estaban riquísimas!



Tarde do xoves, 15 de maio

Comezamos a tarde xogando á beira do mar. Logo, o autobús levounos á “Casa dos Peixes”, na que unha guía nos adentrou nun percorrido a través do océano e coñecemos distintas especies de animais mariños, incluído un “Tiburón Touro”.

De seguido visitamos os exteriores da Torre de Hércules, un faro romano aínda en funcionamento no que conta a lenda que viviu Breogán. Facía tanto vento naquela explanada que a algúns voárenlles as gorras e houbo que “rescatalas”.

Dixémoslle adeus á cidade de A Coruña e dirixímonos a Santiago. Chegamos ao Hotel La salle, deixamos o equipaxe, ceamos e, unha vez distribuídos nas habitacións, botamos a correr para ir ao cine. Como íamos co tempo xusto, chegar foi unha aventura, pero por fin puidemos entrar na sala e ver “Ocho apellidos vascos”, unha película moi divertida que nos ensina a non crer nos tópicos.

Ao rematar voltamos andando ao Hotel e, despois dun chisco de troula cos/as compañeiros/as, decidimos que xa era hora de durmir. Aínda quedaba outro fantástico día!





Mañá do venres, 16 de maio

Comezamos a mañá almorzando e, de seguido, xogando nun parque que había fronte ao Hotel. Ás 11 h esperábanos no “Museo do Pobo Galego”, no que realizamos diversas actividades didácticas e aprendemos sobre os xogos e oficios que había no pasado en Galiza e que, hoxe en día, practicamente desapareceron; e visitamos o Panteón dos Galegos Ilustres, onde están enterrados Castelao e Rosalía de Castro, entre outros.

Saiúmos do museo e, antes de ir a comer, tivemos tempo de facer un percorrido polas rúas e prazas do casco histórico (as rúas do Vilar e do Franco, e as prazas do Obradoiro, de Praterías e da Quintana) e comprar agasallos para as nosas familias.



Tarde do venres, 16 de maio

A tarde foi curta, pero divertida. Tivemos unha visita guiada pola Catedral de Santiago, subimos ás súas cubertas, camiñamos por elas e casi tocamos coas mans a Torre das Campás e a Torre da Carraca. E unha das cousas máis increíbles foi escoitar tan preto o son das campanadas da “Berenguela”, a impresionante campá da Torre do Reloxo.

Ao baixar visitamos o Museo da Catedral e vimos exposicións de reliquias, tapices, libros...

Cando rematamos estabamos tan cansos que nos tivemos que tumbar na Praza do Obradoiro para coller folgos. Non podiamos máis!

E, tristemente, chegou o momento de voltar ao Hotel e recoller a equipaxe; así que, para endulzar este momento, compramos uns xeados. Mmmmmmm!

Regresamos a Guláns e así rematou a aventura; voltando ao noso fogar coa sensación de ter vivido unha fantástica viaxe que sempre recordaremos.



Entrevistamos a...Terio Carrera

“O que me mantén en forma é a paixón pola miña profesión”



A. Bacelar, R. Lorenzo, A. Cordero
Guláns / Galegando

Terio Carrera (Ponteareas, 1968), un home con dúas paixóns: o seu traballo e a súa familia, é presentador de deportes da TVG, na que leva traballando 22 anos. Na actualidade vive en Santiago de Compostela.

Como foi a túa infancia?

Feliz, moi feliz. No medio dunha familia moi cariñosa, cuns pais maravillosos que me transmitiron os valores do comportamento, do saber estar, do ser respetuoso cos demais, de pelexar por aquilo no que se cre, de ser constante e de tratar de axudar aos que nos rodean sempre que se poida. A infancia normal de calquera rapaz de aldea. Xogando ao fútbol en calquera currunchu, andando en bicicleta por pistas sen asfaltar...

Cal era o teu sono?

Seguramente disfrutar do que fago. E conseguino. Soñaba con estar en grandes acontecementos deportivos, un mundial de fútbol, unha Eurocopa, unha final da Champions, o Tour de Francia, a Volta a España... E todo iso converteuse en realidade. Estar xunto a grandes deportistas, falar con eles, visitar grandes escenarios deportivos. En fin, que non me podou queixar.

Apoiáronte os teus pais?

Sen dúbida. Hoxe en día son pai e seguramente non permitiría aos meus fillos o que me permitiron a min. Comecei a colaborar na radio con 15 anos. Simultaneaba os estudos. Meus pais so mostraron comprensión e déronme moitos ánimos. Nunca os oín queixarse. Deixáronme converter os meus sonos en realidade. E todo iso a conta de non velos como debería. De feito, quedáronme para sempre moitas débedas con eles. Deixáronme facer aquilo no que cría.

Custouche moito tomar a decisión de ser presentador?

Pois a verdade é que si. Era moi novo, estaba moi contento na radio, un medio que me fascina, rodeado de compañeiros extraordinarios, era coma o fillo pequeno de todos eles e custoume moito dar o paso á TVG. De feito fíxeno á terceira ocasión que mo propuxeron. Era cambiar absolutamente todo, todas as miñas costumes, a forma de traballar, ir a un medio descoñecido. Pero non me arrepinto. Saiume moi ben. Con todo, os anos de radio son inesquecibles.

Como te sintes sendo presentador da galega?

Como unha persoa afortunada que cada día conta a actualidade do deporte para moitos galegos. É a miña profesión e estou encantado. Ademais, a resposta da xente é moi boa en termos de audiencia e repercusión.

Crías que ías chegar onde estás?

Nunca me plantexei nada en particular. Os meus obxectivos baseábanse e seguen baseándose no



día a día. Entendo que traballando como o fago, adicándolle o tempo que lle adico á miña profesión e respectándoa como a respecto, todo o que veña ten que ser positivo. Non creo na mala sorte nese sentido.

É fácil ser presentador?

Para min si. O máis fácil do mundo. Pero debe ser porque estou acostumado. Iso non quere dicir que cada día que saio pola TVG non me poña nervioso ou estea tenso. É máis, creo que por respecto a todos os que nos ven debemos estar en tensión antes de empezar. Ser presentador é fácil aínda que a tele é moi complexa, depende de moitos compañeiros, é un traballo en equipo moi gratificante. E os compañeiros son os que converten a miña función de presentador nunha tarefa fácil.

Gustaríache facer outra cousa que non fora deportes?

Se cadra, un programa que nada teña que ver cos informativos. Un programa parecido ao que fai Andreu Buenafuente en “La Sexta”. Un programa con moito humor, entrevistas a persoeiros da cultura e da política en tono desenfadado. Un “Late-night”, como lle chaman os americanos. Pero iso é practicamente imposible. Ademais, estou moi feliz en deportes.

Que che gustaría ser se non foses presentador?

Pregunta difícil. Nunca fixen outra cousa que adicarme ao mundo da comunicación. Se me paro a pensar, probablemente me gustaría dar clases de inglés ou ter unha empresa de eventos deportivos, un clube social pensado para o deporte, para todas as idades.

Gústache o teu traballo?

Non é que me guste, é que me apaixoaa. Son un apaixoadado do meu traballo, un tolo. Desde hai moitos anos fago o que me gusta, adícome ao que me gusta, síntome un privilexiado. Isto non ten prezo. De feito o que me mantén en forma é precisamente a paixón que significa para min a miña profesión. O día que non sinta iso seguramente haberá que deixalo.

Tes recibido algún premio?

Algún que outro. Agora mesmo estou nominado por segunda vez ao Premio ao Mellor Comunicador dos premios Mestre Mateo, a festa do audiovisual galego. Pero o premio máis importante é o recoñecemento da xente, o cariño que me transmite a xente na rúa. Iso é un premio que non se pode comprar.

Que afeccións tes?


Fundamentalmente o deporte. Xogo ao pádel, ao fútbol nun equipo de veteranos e ao fútbol sala. Pero hai outras. Ultimamente vou bastante ao cine coas miñas fillas, recuperei esa vella afección. E, por último, encántame pasear en moto. Sérveme para evadirme, para esquecer as tarefas do día a día, é como se se convertera nun antiestrés.

Que é o que non cambiarías por nada?

Estar cos meus fillos. Xogar con eles, saír a comer con eles, levalos ao colexio, ir ao cine, rir con eles. Iso está por riba de todo. Son os catro regalos que me proporcionou a vida.




Os signos do Zodíaco dos nenos de 3 anos




Os Aries son vivos, dinámicos e decididos. É franco, leal e emprendedor. Posúe unha gran capacidade de inventar cousas novas.



Os Tauros son constantes, tenaces, pacientes e sensibles. Posúe dones para o arte, a música e a danza. Son moi traballadores xa que posúen constancia, esforzo e harmonía.



Os Géminis son alegres, curiosos, amistosos, dispoñibles e sociables. Un dos seus grandes talentos será a literatura e as letras en xeral. Carecen de paciencia.



Os Cáncer gústalles recibir moito cariño. Desenvolverá unha faceta protectora de todo aquilo que cre que debe coidar, desenvolverá unha personalidade independente e individual.



Os Leo mostran valentía, tenrura e unha gran capacidade de liderazgo. Nacen para sobresaír, dirixir, presidir e actuar.



Os Virgo son nenos moi pacíficos e tranquilos chegando incluso á timidez. Son lóxicos, precisos, perfeccionistas e moi ordenados; sempre se pode contar con eles.



Os Libra son especialmente sociables. Dende moi pequenos mostran moita dulzura, con un sorriso conquistará a todos. Sempre mostrará moita precaución.



Os escorpio son nenos de forte personalidade e a brillantez da súa mente apórtanlle un gran magnetismo respecto aos demais querendo aprender sempre daqueles que considera que son máis fortes ca el.



Os Sagitario mostran a súa gran alegría que contaxia a todos. Teñen un gran sentido do humor así como aventureiros, moi inquietos e divertidos.



Os Capricornio teñen matices de madurez dende pequenos. Os seus gustos son moi definidos, son moi decididos e nunca dudan.



Os Acuario son de carácter moi variable, moi sociables e moi divertidos. Posúen unha gran creatividade e orixinalidade.



Os Piscis mostran grandes actitudes para a música, o baile, a poesía e a pintura. Teñen o carácter moi cambiante e son moi fantasiosos.



OS NENOS E NENAS DA CLASE DE 3 ANOS

NESTA FOTO ESTAMOS DEBUXADOS CADA UN DE NÓS.



NESTA FOTO ESTAMOS TODOS:UXÍA, ÁNGEL, LUCAS, ANXO,



LEIRE, XES, DIEGO, ALEX, ANTÍA, ÁNGELA, VANESA E HUGO.

¡MANDÁMOSVOS MOITOS BICOS!



Educación Física

Neste curso que agora está a piques de rematar tiñamos como obxectivos plantexados xa no final do curso pasado tres retos:

Por unha parte aumentar o número de grupos participantes no programa “mais e mellor actividade física” (plan PROXECTA) que en liñas xerais conleva a ter tres sesións de educación física á semana en lugares das dúas ordinarias e relacionar certos contidos coa área de coñecemento do medio.



En segundo lugar, dar mais presenza os xogos populares e tradicionais como ferramenta de



conservación da nosa cultura.

Finalmente, continuar a nosa cruzada por dispor dunhas instalacións depòrtivas dignas dun centro educativo de calidade. |

Comprácenos poder dicir que dos tres retos novos acadamos os dous primeiros e fixemos todo o posible por conseguir o terceiro aínda que con malos resultados.

Este ano son tres en lugares dun os grupos de primaria participantes no programa “mais e mellor actividade física”, traballamos en toda a primaria os xogos tradicionais con trompos,



peonzas, canicas, chapas, cordas, petancas, bolos,... resultando un éxito. En canto o terceiro reto lamentamos dicir que estamos no mesmo punto.



A iniciación no deporte do xadrez o curso pasado tivo este novo curso a súa continuidade co “I campionato Feliciano Barrera de Xadrez” no que participaron a totalidade de nenos e nenas de 4º, 5º e 6º de primaria e que tamén valoramos positivamente coa intención de repetir o vindeiro curso.

Traballamos os deportes e capacidades xa habituais outros anos (baloncesto, badminton, baseball,...), participamos en xornadas de deporte escolar con nenos e nenas doutros centros de zona, e participamos no festival de fin de curso con dúas actuacións cos nenos de 1º e 5º de primaria.█





DEPORTE ESCOLAR

O mércores 19 de Marzo debutamos no deporte escolar xogando ao fútbol e ao balonmano contra o CEIP Balsa Brey de Pontareas.



- Xogamos un total de 4 partidas de cada contra os nenos de 6º e pasámolo moi ben, gañamos algúns partidas e perdimos outros, pero o importante non foi o resultado senon a convivencia con nenos de outra escola.



No final do partido tivemos unha gran merendola a conta do equipo local na que xa eramos todos amigos.





O pasado 11 de Abril celebramos a 2ª xornada do Deporte Escolar no CPI de Mondariz e xogamos ao baloncesto e ao hockey.



È os nosos 3 equipos fixeron unha gran actuación e rematamos todos sendo moi bos amigos cunha gran merenda.



Os ALUMNOS DE 5º y 6º
5º: Martín, Leo, Lucía, Nba, Paula, Cristian, Lois, Alex, Ruben.
6º: Aitana, Raúl, Silvia, Michael, Jonathan, Iván, Bibi, Juan





ATLETISMO NO CUVI

O pasado 8 de Xúnia estivemos no campo de deportes do CUVI para facer unhas xornadas de atletismo cos estudantes do ciclo superior de Educación Física, que xa viñeran á nosa escola a explicarnos diferentes modalidades, pero esta vez fomos a competir



En primeiro lugar fixemos salto de lonxitude, as nosas participantes eran Antón que quedou 4º e Xavi 2º. Tamén lanzamentos de peso con Yonira (6º) e Alejandro (7º) nesta modalidade.



Logo viñeron as probas de velocidade que eran as primeiras individuais e fixemos diferentes distancias 60 metros que corrieron Luise Leticia, 500 metros con Lucía e Aine e 1000 metros nos que estivemos representados por Martín e Brasad nunha dura carreira.



Por último corrimos por equipos o 4x60 metros no que as nosas equipos tiveron unha gran actuación quedando o equipo A en primeiro lugar e o equipo B no podio cun terceiro posto.



Finalmente merendamos todos os coles xuntos e nos colximos co CPI de Mondariz cantando cancións no autobús, nun día moi divertido no que competir foi bonito pero o mellor disfrutar do deporte con outros.

Alumnos de 4º: Lucía, Leticia, Aldara, Yanira, Antón, Xavi, Ixaso, Martín, Uis, Alejandro e Aine.





MÚSICA

Lembrades que este ano para as Letras Galegas fixemos unha canción? Pois ben, aquí vos queda a letra para que non deixedes de cantala.

Se non recordades a música non tedes máis que entrar no Blog de Leo León (www.blogdeleoleon.blogspot.com.es) e ver o vídeo que fixemos entre todos.

Para aqueles que non coñecedes a canción, recoméndo-vos que entredes tamén e botedes un vistazo. Non ten desperdicio!

EN GALEGO

O GALEGO É UNHA LINGUA
TAN BOA COMA CALQUERA
E O QUE DIGA QUE NON VALE
TEN A CABEZA BALEIRA.

**NO COLE DE GULÁNS,
OS MESTRES E OS NENOS,
RIMOS E XOGAMOS,
COMPARTIMOS EN GALEGO.**

NÓS FALAMOS COAS VERBAS
QUE EMPREGAN NA NOSA ALDEA
I ESAS SONCHE TAN GALEGAS
COMO AS QUE ESCRIBA CALQUERA.

E SE DIGHO GHALO E GHALIÑA
NADA DE MALO CHE TEN.
ASÍ FALAN NESTA TERRA.
EU SON DA TERRA TAMÉN!!

**NO COLE DE GULÁNS,
OS MESTRES E OS NENOS,
BAILAMOS E SALTAMOS,
TOLEAMOS EN GALEGO.**

EN GALEGO FALO NA RÚA,
NO MÉDICO E NA TENDA,
NA CIDADE E NO MONTE,
NO ALMORZO E NA MERENDA.

EN GALEGO FALO NA CASA,
COS MEUS PAIS, COS MEUS AMIGOS,
COA XENTE QUE ME QUERE
E ATA COS DESCOÑECIDOS.

**NO COLE DE GULÁNS,
OS MESTRES E OS NENOS,
LEAMOS E SUMAMOS,
APRENDEMOS EN GALEGO.**

CANDO ESTÁS FORA DE GALICIA
FALA IDIOMAS. NON TE CORTES!!
NO COLEXIO FALAS TRES.
ASÍ É MÁIS FÁCIL ... VAIA SORTE!!

**NO COLE DE GULÁNS,
OS MESTRES E OS NENOS,
CANTAMOS E FALAMOS,
NÓS VIVIMOS EN GALEGO!!**



FOMENTO DA LECTURA NAS VACACIÓNS DE VERÁN

As vacacións de verán son un bo momento para ler cos nenos/as e divertirse coa lectura. Aquí quedan algunhas propostas. Esperamos que vos gusten e sexan de utilidade.



- 1.- **Ler xuntos.** Buscar tempo para ler xuntos e falar sobre os libros lidos. Moi importante é ler en voz alta unha novela infantil, por capítulos...
- 2.- **Contar contos.** Aproveitar a época para contar historias e anécdotas divertidas da infancia ou da familia. Axuda aos nenos/as a mellorar a lectura. Depois pódese escribir a "propia historia" entre todos.
- 3.- **Visitar a biblioteca.** Levar aos nenos/as á biblioteca durante as vacacións. É un bo momento para revisar as seccións, seleccionar libros axeitados e coñecer as novidades.
- 4.- **Agasallar con libros** e buscar **outros agasallos** relacionados coa lectura, como cómics, revistas, cromos, pegatinas...
- 5.- **Imos ao cine,** vemos unha **obra de teatro,** **contacontos,** visitamos **exposicións, museos....**



6.- **Facer divertidas as viaxes.** Buscar mapas e libros turísticos sobre o seu destino. É unha boa maneira de preparar a viaxe e pasar o tempo no coche, autobús, avión...

Algunhas lecturas interesantes poden ser as seguintes:

E. Infantil:

- Cutbill, A. *A vaca que puxo un ovo*. Edit. Kalandraka.
- Rubio, A. e Villán, O. *Piñeiro*. Edit. Kalandraka.
- Rubio, A. e Villán, O. *Violín*. Edit. Kalandraka,
- Núñez, M. e Villán, O. *A Cebra Camila*. Edit. Kalandraka.
- González, O. e Fernández, F. *Chibos Chibóns*. Edit. Kalandraka.
- Mejuto, E. e Mora, S. *A casa da mosca chosca*. Edit. Kalandraka.
- Rodari, G. e Sanna, A. *Confundindo Historias*. Edit. Kalandraka.
- Bowley, T. e Neves, A. *Amelia quiere un perro*. Edit. Kalandraka.

E. Primaria:

1º ciclo:

- Verplancke, K. *Compota de manzana*. Edit. Ekaré
- Jackson, R. *Mi primer libro sobre Picasso*. Edit. Anaya.
- Lionni, L. *O soño de Matías*. Edit. Kalandraka.
- Alonso, A. *El mapa encantado*. Edit. Anaya.
- Alonso, A. *El hada Lisa*. Edit. Anaya.
- Torrent, D. *O meu avó Carmelo*. Edit. Kalandraka.
- Díaz, I. *La maldición del Hombre Bobo*. Edit. Anaya.



- Sánchez, G. e Calatayud, M. *A casa de vidro do Señor Clin*. Edit. SM Xerme.
- Casalderrey, F. *Cando a Terra esqueceu xirar*. Edit. SM Xerme.
- Blanco Calvo, R. *Pegasiño*. Edit. SM Xerme.

2º ciclo:

- Campos Martínez, LI e Sardá, J. *El tesoro de Barracuda*. Edit. SM.
- Nesquens, D. *Días de clase*. Edit. Anaya.
- Alcaraz, R. *Animaladas*. Edit. Anaya.
- Pisos, C. *Soplacoplas*. Edit. Anaya.
- Aranda, P. *El colegio más raro del mundo*. Edit. Anaya.
- López Narváez, C. *El gran amor de una gallina*. Edit. Anaya.
- Alonso, A. *Misión Tierra 5*. Edit. Anaya.
- Núñez, A., Díaz, A. e Can, M. *Lechuza Detective 1*. Edit. Anaya.
- Mañas Romero, P. *Una terrible palabra de nueve letras*. Edit. Anaya.
- Obiols, M e Calatayud, M. *Ai Filomena, Filomena! e outros contos*. Edit. Kalandraka.
- Almodovar, A. e Taeger, M. *A verdadeira Historia de Carapuchiña*. Edit. Kalandraka.
- Wölfel, U. *27 historias para tomar a sopa*. Edit. Kalandraka.

3º ciclo:

- Caride, R. *La negrura del mar*. Edit. Anaya.
- Farias, J. *Los caminos de la luna*. Edit. Anaya.
- Lloret, M. *Lumen, el guerrero de la luz*. Edit. Anaya.
- Klein, S. *Un esqueleto inquieto*. Edit. Anaya.
- Nesquens, D. *Marcos Mostaza uno*. Edit. Anaya.
- Brotóns, J.R. *Cada cuadro con su cuento*. Edit. Anaya.



- Osés, B. e Diez Navarro, M.A. *Contos como pulgas*. Edit. Kalandraka.
- Bowley, T. e Villán, O. *Non hai escapatoria*. Edit. Kalandraka.
- Nesquens, D. *Puré de guisantes*. Edit. Anaya.
- Alonso, A. *Un hotel en la bahía*. Edit. Anaya.
- Molina Llorente, P. *El largo verano de Eugenia Mestre*. Edit. Anaya.
- Cortazar, J. *Discurso do Oso*. Edit. Kalandraka.
- Fernández Paz, A. *Con los pies en el aire*. Edit. Anaya

E por último, algúns **enlaces** onde se dan máis ideas para coller a afición á lectura e pasalo ben lendo, son:

- **leocuentos.blogspot.com.es**. Blog de animación á lectura infantil e xuvenil.
- **lapiceromagico.blogspot.com.es**. Blog con cantidades de actividades e diversas ideas para iniciarse na lectura. Contido amplo e interesante.
- **cuentoalavista.com**. Un lugar onde compartir contos, ilusión, ledicia... cos máis pequenos. Onde atopar tamén concursos, debuxos e todo tipo de recursos para que a lectura sexa moito máis divertida.
- **sonandocuentos.blogspot.com.es**. Non falamos soamente de contos para nenos/as, senón de aqueles libros que os adultos nos fagan pensar, reflexionar, imaxinar e sobre todo... soñar.
- **Leyendo leyendo, disfruto y aprendo**. Blog onde se comparte contos, poesías, textos, artigos para o alumnado e as súas familias.
- **cuentosinteractivos.org**. Contos interactivos. Empeza a viaxe por onde máis che guste!!!

Felices vacacións e Boas Lecturas!!!



OS MELLORES AMIGOS DE LEO LEÓN 2014

Este ano os mellores amigos de Leo León son:

1. Noa Groba Bargiela
2. Lois Porto Bargiela
3. Carla González Iglesias



Moitísimas grazas por visitarme no blog e escribirme tantos comentarios.
Encantáronme!!!!

E xa sabedes... podedes seguir visitándome na biblioteca ou no blog:

<http://blogdeleleon.blogspot.com.es/>



Un ano máis a biblioteca de Leo León foi o noso lugar preferido para reunirnos todos xuntos e compartir experiencias e aprendizaxes. Estes foron os mellores momentos deste curso:

Axudantes da biblioteca.



Mochilas viaxeiras.



Charla Sogama.



Debuxamos a Leo León.



Visitounos o Paxe Real.



Día do amor e da amizade.





Os mandadiños de Leo León.



Día do libro.



Visitounos a escritora Susana Lamela.



E tamén a ilustradora María Lires.



A day in the jungle.



Romeo e Xulieta.





Clube de lectura 1º e 2º.



Semana da ciencia



E o que sempre quedará no noso recordo foi a viaxe tan aventureira que fixemos con Leo León por Europa, co proxecto titulado 8 meses, 8 países.

Outubro: Os nenos de 1º viaxaron ata Irlanda e coñeceron o Samaín.

Novembro: 2º de primaria foi ata Portugal para festexar o Magosto.

Decembro: A clase de 4 anos foi a Finlandia a descubrir o Nadal.

Xaneiro: Os rapaces de 6º estiveron en Francia e firmaron a Paz.

Febreiro: os máis peques do cole viviron o entroido en Venecia.

Marzo: Démoslle a benvida á primavera en Holanda cos de 5 anos.

Abril: No mes do libro, a clase de 3º foi ata Reino Unido.

Maiο: 4º de primaria presentounos Galicia e as Letras Galegas.



ENGLISH THEATRE A DAY IN THE JUNGLE


On 27th April, Grit and Lena came to our school with the English Theatre 'A DAY IN THE JUNGLE'. It was very fun!



Do you remember the songs?


TOUCH

Touch your hair, hair, hair
and your eyes, eyes, eyes
and your ears, ears, ears
and your mouth, mouth, mouth




and your NOSE.

Stamp your feet, clap your hands,
move your bum, turn around.



Touch your hair, hair, hair...
and your nose
and your hands
and your shoulders
and your feet
and your knees



Stamp your feet...



ANIMAL SONG

One, two, three, four, five, six,
Animals in the jungle live.
Seven, eight, nine and ten
are my friends and I like them.



FRUIT SONG

Mango, mango...
Kiwi, kiwi, kiwi...
Banana, banana, banana...



A tiger

One, two, three, four...



COLOUR SONG

Pink, pink, pink
red, red, red
orange, orange, clap your hands
yellow, yellow green, green, green
blue and purple over me.



A lion

One, two, three, four...

A monkey

One, two, three, four...

A crocodile

One, two, three, four...



An elephant






WORDSEARCH

Can you find these words/pictures in English?

P	T	I	U	S	K	C	A	R	T	O
A	R	T	I	O	P	O	E	D	S	P
L	A	A	P	P	T	A	H	R	H	L
R	I	F	F	J	Y	T	N	S	I	H
E	N	N	S	L	H	E	M	S	R	S
P	E	S	D	R	E	S	S	S	T	I
H	R	G	J	R	P	A	S	D	O	S
J	S	O	C	K	S	L	L	E	S	E
S	V	A	O	K	O	S	O	A	L	O
H	L	I	S	N	A	E	J	P	K	H
E	A	L	P	M	N	P	P	L	N	S





“Desexamos que o resto do voso camiño o percorrades cos ollos ben abertos para non perder nada do bo que hai no mundo.”

Memorias de una gallina. Concha López Nárvaez



Disfrutade da nova etapa.